

## FOEXGA 2019-2020 CONVOCATORIA VISITA FEIRA CES (CONSUMER ELECTRONICS SHOW) Las Vegas, do 6 ao 12 de xaneiro de 2020

RESOLUCIÓN do 30 de novembro de 2018 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2019-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (DOG nº 235, de 11 de Decembro de 2018).

Bases reguladoras: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002_gl.html)

## VISITA FEIRA CES (CONSUMER ELECTRONICS SHOW) Las Vegas, do 6 ao 12 de xaneiro de 2020 (Expediente IG202.2019.1.58)

A Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e o IGAPE convocan a Visita á feira CES -CONSUMER ELECTRONICS SHOW, (Las Vegas – Nevada), prevista do 6 ao 12 de xaneiro de 2020

- ❑ **ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e IGAPE
- ❑ **COFINANCIA:** FEDER / IGAPE
- ❑ **OBXECTO:** O obxectivo principal do Plan FOEXGA é conseguir a internacionalización real das pemes galegas e propiciar a comercialización dos seus bens e servizos nos mercados exteriores.
- ❑ **BENEFICIARIOS:** Empresas que cumpran os requisitos conforme ao establecido nesta convocatoria de seguido e na lexislación vixente. En resumo, poden participar empresas PEMES galegas (segundo a definición da Unión Europea) de sectores diversos de actividade que desexen promocionar os seus produtos / servizos no ámbito internacional. As empresas deberán cumprir coa normativa de Minimis e estar ao corrente de pago nas súas obrigacións tributarias, fronte a Seguridade Social e Facenda e as Cámaras de Comercio. Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo.
- ❑ **SECTOR:** Tecnoloxías. Electrónica de consumo. Startups, drones, robótica, domótica, telecomunicacións, mobilidade, impresión 3D, intelixencia artificial, ciberseguridade, .....  
Poden obter máis información da feira en: <https://www.ces.tech/>
- ❑ **DATAS:** do 6 ao 12 de xaneiro de 2020 (a feira e do 7 ao 10 de xaneiro)

O Igape é xestor de fondos Feder do marco regulamentario 1420 no seguinte encaixe: Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes. Prioridade de investimento 03.04: Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados internacionais. Obxectivo específico 03.04.03: Promover a internacionalización das pemes. Campo de intervención: 066: servizos de axuda avanzados para pemes e grupos de pemes. Liña de actuación 15: promoción da cultura de internacionalización, presenza nos mercados exteriores, estratexia de posicionamento internacional de Galicia, alíñase coa axenda estratéxica Horizonte 2020 da UE.

O indicador de produtividade correspondente é o número de empresas que reciben subvencións. E o indicador de resultado é o número de pemes exportadoras.

## SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das pemes efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

## PLAN DE VIAXE PREVISTO

O plan de viaxe previsto é o seguinte:

Saída: 07/01/20

Regreso: 11/01/20

**Outras opcións:** Pódense contemplar outras opcións. Consultar ca Cámara

**MOI IMPORTANTE:** *Unicamente se admitiran os gastos de viaxe do persoal da peme participante, entendendo por tal calquera traballador da peme contratado por conta allea, accionista, propietario, administrador ou representante legal, ou persoal contratado doutro modo para labores de internacionalización da empresa. Poderase solicitar documentación xustificativa.*

## CUSTO

Son custos estimados e poden variar á baixa ou á alza. Axustaranse en cada caso.

Inclúe (1 persoa por empresa): billete de avión, hotel con almorzo, traslados aeroporto – hotel – aeroporto, seguro de viaxe, parte proporcional do viaxe, aloxamento, seguro, visado, dietas e acompañamento dun técnico da Cámara organizadora e gastos de información e asesoramento a empresa.

**Custe total estimado e o seguinte: 3.800 € + 21 % IVE =4.598 €**

**Subvención estipulada:**

- 90% de gastos de billete de avión, hotel, seguro de viaxe, traslados agrupados aeroporto-hotel-aeroporto, parte proporcional dos gastos de acompañamento dun técnico da Cámara (en caso de que viaxe) e gastos de organización, información e asesoramento a Peme, cos límites estipulados nas bases reguladoras (Bases reguladoras: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002_gl.html))

**Importe máximo subvencionable por empresa: 4.000 €**

## REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que cumpran a definición de peme segundo o anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión, incluídas as pemes con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.
- b) Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir do 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización, deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
- d) Os beneficiarios deberán estar ao día nas súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e non ser considerados empresas en crise. Para estes efectos de empresa en crise, convén ter en conta a definición de empresa en crise que para as pemes aparece no punto 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014 da Comisión. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para ser beneficiario da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
- e) Que cumpran a normativa de axudas de minimis segundo o previsto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), para as empresas do sector pesqueiro no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) e para as empresas do sector agrícola no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do

Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).

f) Que estean ao día nos pagamentos adebedados ás cámaras.

2. Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, os beneficiarios aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será, así mesmo, a encargada de informar puntualmente ao interesado sobre o estado da súa petición, os seus dereitos e obrigas, e das notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 16.2. O Igape porá a disposición deste programa, unha aplicación no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es> para os efectos de cubrir o cuestionario de solicitude de participación electrónicamente.

## OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a) As descritas no artigo 6.8 letras a), b), c), e), f) e g), obrigas comúns ás entidades colaboradoras.
- b) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria.
- c) Realizar o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora antes da data en que deban ser presentadas ante o Igape. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 20 destas bases. A axuda aboarase a través da cámara unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.
- d) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención, así como colaborar e achegar a documentación á entidade colaboradora.
- e) Comunicarlle á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Responder a un cuestionario, a través da aplicación <http://tramita.igape.es>, relativo á actuación realizada, co obxecto de coñecer os resultados do Plan e trasladalos á Unión Europea. O Igape non aboará a subvención ata que se responda ao devandito cuestionario.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída. Informarase ao beneficiario da data de comezo dese prazo.
- h) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## GASTOS SUBVENCIONABLES

Gasto subvencionable: o importe facturado polas entidades colaboradoras para a organización e execución dos eventos subvencionables, polos seguintes conceptos e cos límites seguintes de gasto máximo subvencionable:

| Concepto subvencionable                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción en que participe                                                                              |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Viaxe dunha persoa da peme participante.<br/>No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante.<br/>Unicamente se admitirán os gastos viaxe do persoal da peme participante, entendendo por tal calquera traballador da peme contratado por conta allea, accionista, propietario, administrador ou representante legal, ou persoal contratado doutro modo para labores de internacionalización da empresa.</i> | <i>Límites anexo V.<br/>Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento.</i> |

| Concepto subvencionable                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción en que participe                                                                                                                                                                                                                                   |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Só son subvencionables os gastos de viaxe correspondentes a avión, tren e/ou autobús.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b), dúas persoas por peme participante.                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | Só se subvencionarán pernoitas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoitas e tendo en conta os límites indicados no anexo V.<br>No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoitas máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoitas.        |
| Traslados en grupo a ou desde o aeroporto, así como aqueles que se realicen no país da actuación.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Só se subvencionarán os gastos de traslado de aqueles medios contratados para o desprazamento de, polo menos, un grupo de 5 persoas.                                                                                                                                                                      |
| Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b).                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | Cota ou fee de inscrición cun límite de 2.000 € por evento.                                                                                                                                                                                                                                               |
| Parte proporcional do gasto da viaxe dunha persoa da cámara organizadora que viaxe para apoio técnico en destino. Só son subvencionables os gastos de viaxe correspondentes a avión, tren e/ou autobús.                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Límites anexo V                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Parte proporcional do gasto do aloxamento dunha persoa da cámara organizadora.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Só se subvencionarán pernoitas comprendidas entre as datas das accións cun máximo de 5 pernoitas e tendo en conta os límites indicados no anexo V.<br>No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoitas máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoitas.           |
| Parte proporcional de gastos de axudas de custo e desprazamentos locais dunha persoa da cámara que viaxe para apoio técnico en destino. Axudas de custo e desprazamentos correspondentes ao número de días de pernoita en destino subvencionables, importe segundo per diem país.                                                                                                                                                                                                            | Límites establecidos na seguinte ligazón da Comisión Europea:<br><a href="http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per_diems/index_en.htm">http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per_diems/index_en.htm</a> (38 % do importe per diem do país correspondente). |
| Taxa de visado e seguro de viaxe dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante, e parte proporcional dunha persoa da cámara organizadora.                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción. (Só no caso de que o Igape non poida facilitar estes servizos por medios propios).                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Aluguer do espazo, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer de mobiliario, gastos de mantemento, inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo.                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme (dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listaxes, xestión da subvención, informes, etc.): 15 horas por peme beneficiaria participante no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) ou no caso de pemes beneficiarias que soliciten que a cámara lles facilite unha axenda de reunións. 10 horas por peme beneficiaria no resto de casos. | O custo elixible será o custo salarial (soldo, antigüidade, complementos salariais e custos de seguridade social), cun máximo de 40€/hora, correspondente ao tempo dedicado á prestación do servizo co límite de horas de dedicación indicado para cada concepto.                                         |
| Parte proporcional de horas de acompañamento á acción: a razón de 8 horas/por día de acción.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Límite máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | Por cada peme beneficiaria e por cada misión en que participe: 4.000 €.<br>Por cada peme beneficiaria e por cada evento do tipo dos descritos no artigo 3.1.b) en que participe: 12.000 €.                                                                                                                |

## CONTÍA DA AXUDA

**A contía da axuda será dun 90 % sobre o importe dos gastos subvencionables**

As achegas do Igape están cofinanciadas ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 e, en particular: Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes. Prioridade de investimento 03.04: Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados internacionais. Obxectivo específico 03.04.03: Promover a internacionalización das pemes.

## PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Para a tramitación da subvención a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme aos parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta ingrese ás pemes os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 30 días tras recibir a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás pemes, as entidades colaboradoras deberán remitir ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento.

## FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓNS

**Data límite de inscrición: 18 de outubro 2019**

**PRAZAS LIMITADAS.** Criterio de selección: por orden de chegada da documentación o ata esgotamento do orzamento previsto nesta acción.

Para formalizar a inscrición na acción, debe **enviar á Cámara de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía a seguinte documentación:**

- Solicitud de participación na acción, que obterá logo de cubrir un formulario descritivo a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es> . **ATENCIÓN:** Se tivese problema para descarga-la ficha de inscrición por favor contacten con: [igapex@igape.es](mailto:igapex@igape.es)
- Copia da acreditación da representación legal (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder)
- Copia Certificados de estar o corrente con a AEAT, TGSS e Facenda
- **Copia do XUSTIFICANTE DE PAGO a c/c a nome da Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía por importe do custo previsto de participación:**

- **Custe total estimado e o seguinte: 3.800 € + 21 % IVE = 4.598 €**

**DATOS DA CONTA BANCARIA ONDE REALIZAR O PAGO**

Banco Popular Español: ES40 0075 8901 5606 0031 2865  
(Titular: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía)

## PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

## INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

### CÁMARA DE PONTEVEDRA, VIGO E VILAGARCÍA DE AROUSA

Departamento de Comercio Exterior

Enderezo: C/ República Argentina, 18 A – 36201 Vigo

Tfno: 986 446295

Fax: 986 435659

E-mail: [comex@camarapvv.es](mailto:comex@camarapvv.es)

**Bases reguladoras:** [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181211/AnuncioO92-301118-0002_gl.html)